

PROGRAMACIÓN

XERAL

ANUAL

2023/2024



ÍNDICE

1.- DATOS XERAIS DO CENTRO.....	3
1.1.- Entorno.....	3
1.2.- Instalacións e organización dos espazos.....	4
1.3.- Situación do profesorado.....	6
1.4.- Situación do alumnado.....	6
1.5.- Datos do Centro.....	7
2.- PERSOAL DOCENTE / NON DOCENTE.....	7
3.- ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS: EQUIPO DIRECTIVO.....	8
4.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO.....	9
5.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.....	10
5.1.- Claustro de Mestres/as.....	10
5.2.- Consello Escolar.....	11
5.3.- Equipo de Orientación.....	11
6.- EQUIPOS DE TRABALLO.....	11
7.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	12
8.-XORNADA EDUCATIVA e LABORAL. HORARIOS.....	13
9.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E CONMEMORACIÓN.....	15
10.- MATERIAL DE CENTRO E LIBROS DE TEXTO.....	16
11.- PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	17
12.- EQUIPO DE DINAM. DA LINGUA GALEGA.....	17
13.- EQUIPO DE DINAM. DE BIBLIOTECA E ANIMACIÓN Á LECTURA.....	18
14.- EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN TIC/ABALAR, E-DIXGAL e PLAN DIXITAL.....	19
15.- PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.....	20
16.- PLAN DE PLURILINGÜISMO e AUXILIAR DE CONVERSA.....	21
17.- PLAN DE RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.....	21
18.- PLAN DE AVALIACIÓNS.....	23
19.- QUENDAS DE GARDAS.....	24
20.- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.....	24
21.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	26
22.- PLAN DE UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DO CENTRO.....	26
23.- PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.....	27



1.- DATOS XERAIS DO CENTRO

1.1.- Entorno

O CEIP Plurilingüe Bragade está situado no concello de Oza-Cesuras que posúe un territorio de 151,62 km² e encóntrase na área interior da provincia da Coruña, ao sur de Betanzos: limita ao norte co concello de Abegondo, ao sur con Mesía e Curtis, polo leste con Abegondo e ao oeste con Mesía.

Hai un casco semi-urbán que está situado en Bragade. Segundo datos do último Padrón Municipal de Habitantes, a 07 de outubro de 2023, Cesuras conta con 1.960 habitantes repartidos deste xeito por parroquias:

- Bragade: 195 habitantes
- Mandaio: 239 habitantes
- Trasanqueros: 196 habitantes
- Borrifáns: 218 habitantes
- Paderne: 83 habitantes
- Loureda: 99 habitantes
- Probaos: 234 habitantes
- Carres: 117 habitantes
- Barranca: 102 habitantes
- Dordaño: 214 habitantes
- Figueredo: 41 habitantes
- Cutián: 106 habitantes
- Traba: 116 habitantes

Dentro da propia localidade de Cesuras, e segundo dito padrón, (contando as súas parroquias) hai un total de 119 nenos/as de 0 a 12 anos de idade, dos cales 71 son varóns e 48 mulleres.

Seguindo os datos de dito padrón, a nivel de todo o Concello, Oza-Cesuras conta 5.224 habitantes. Dentro dos anteriores atopamos 362 nenos/as de 0 a 12 anos de idade, dos cales 185 son varóns e 177 mulleres.

Este concello é inminentemente agrícola e gandeiro, pero a poboación máis nova non se adica a este sector aínda que é onde poden xurdir máis perspectivas de traballo. Tamén pode crearse algún emprego no sector servizos paralelo ao turismo rural. Debido á COVID, apréciase unha chegada de familias que se mudan a este entorno de espazo contrastante respecto ao meramente urbano.

Hoxe, Cesuras entronca o seu proxecto de futuro coas súas raíces. Símbolo diso son a restauración da Antiga Casa Consistorial, converténdoa en Museo Etnográfico, e a recuperación de



muíños como os da Bazaqueira (Filgueira de Traba), a Forcada (Bragade) e Paredes (Mandaio). Esta aposta por atraer a amantes da natureza e da tranquilidade, complementábase coa sinalización de rutas de sendeirismo polos lugares máis entrañables do municipio e coa mellora de infraestructuras que dinamizan a rehabilitación e ocupación das casas vellas de pedra. Neste senso, posteriormente á aparición da COVID-19, e como consecuencia desta, a tendencia de perda de poboación revertiuse, principalmente ao chegar familias que decidiron mudar o seu entorno máis urbanita.

1.2.- Instalacións e organización dos espazos

Este Centro creouse pola orde ministerial de 15/07/1980 e iniciou a súa actividade en setembro de 1981. Está formado por:

- **Edificio B (E. Infantil)**
 - pranta inferior: 1 porta de acceso ao interior das instalacións exteriores do centro, 1 salón de actos con escenario, unha sala de control con diversa equipación electrónica, 1 pequeno trasteiro e 2 cuartos de aseo para nenas e nenos. Conta con sala de caldeira pegada e contigua ao edificio.
 - pranta superior: 1 porta de entrada/recepción do alumnado 4 aulas (1 propia da aula mixta de EI, 1 da aula de 4º Inf., 1 de recepción de alumnado e xogos e usos múltimos de de EI e 1 a modo de almacén e pechada baixo chave) e un aseo adaptado a alumnado cativo con 2 lavabos e varios sanitarios.
- **Edificio A (principal/administración)**
 - pranta sótano: 2 portas de saída/entrada ao edificio, 1 sala de caldeira e 1 sala de cadro de electricidade, 1 patio cuberto con subdivisión para EI e con acceso directo ao patio de columpios e outro ao patio grande, 1 sala de almacén ao carón dos 2 aseos para nenas e nenos e un almacén enorme debaixo da pranta 0.
 - pranta 0/de administración: 1 entrada principal dentro das propias instalacións, 1 despacho de dirección/secretaría, 1 sala de mestres/as, 1 sala de reprografía e ordenadores do profesorado con 1 pequeno trasteiro de almacén, 2 aseos para mestras e mestres, 2 aseos para nenas e nenos, 1 aseo adaptado para persoas con mobilidade reducida (zona de cambio de roupa, botiquín -e aula de illamento COVID-, 1 comedor con pequeno trasteiro, 1 cociña con almacén, 1 sala de informática, 1 zona de conserxería e 1 aula de 1º e 2º EP.
 - entreplanta (entre a pranta 0 e a superior): Biblioteca, con saída propia e escaleiras ao despacho do DO.
 - pranta superior: 1 despacho de DO, 1 aula laboratorio/relixión católica, 1 aula de apoio PT/AL, 1 aula de música/social science, 1 pequeno trasteiro, 1 aula de 3º e 4º EP, 1 aula de 5º e 6º EP, 1 aula de inglés/plástica e 2 aseos para nenas e nenos.
- **Pavillón cuberto**: 1 pista polideportiva con gradas, varios aseos e vestiarios para nenas e nenos e 2 subsalas de almacén e equipo deportivo.



- **Zonas exteriores:**

- patio principal: 1 pista polideportiva e de atletismo descuberta, gradas de pedra, zonas verdes con árbores, escaleiras e rampas de acceso aos edificios do centro, 1 parque de xogos para alumnado e 1 entrada eventual con tamaño para vehículos,
- patio inferior/columpios: 1 areeiro, zonas verdes e árbores, 1 parque infantil encastrado, varios mobiliarios de xogo arredor (algúns en desuso, desinstalados ou a medio desinstalar de xeito integral, 1 tetragode de escalada.
- acceso principal ás instalacións:
 - acceso ás instalacións: 1 portón de acceso ás instalacións (que conecta co aparcadoiro (e con acceso aos edificios A e B, patio principal e corredora valada de acceso ao pavillón, rematada en porta de acceso con candado.
 - aparcadoiro: con 1 portón de acceso ao mesmo, 1 praza de non aparcar para emerxencias e 1 porta acceso directa á cociña.

No referente ás instalacións cabe destacar:

- Ao comezo do curso 2019/20 cambiáronse as fiestras da aula de música e a porta superior do edificio B. No 1º trimestre do curso 2020/21 cambiáronse as fiestras da actual aula mixta de 1º e 2º EP, 3º e 4º EP, 5º e 6º EP e inglés. Nese mesmo curso fixéronse medicións para cambiar todas as fiestras e portas metálicas do edificio A, previsiblemente para levalo a cabo no curso 2021/22, mais aínda non se levou a cabo.
- Durante o curso 2020/21 valouse dende a zona de remate de valado da porta superior do edificio B até o resto do perímetro que hai entre o pavillón e o patio principal, deixando unha porta con candado e está rematado. No verán do 2022 valouse o que quedaba (zona de aparcadoiro ao acceso ao patio dos columpios e entrada principal) e en setembro do curso 2022/23 finalizou o peche restante: verxa ó carón do edificio principal.
- A administración eléctrica vén de dar problemas dende o curso 2019/20: chaves eléctricas do cadro que se baixan aleatoriamente, moitas luces de diferentes corredores e aulas do edificio A que non encenden, etc., froito dunha instalación antiga e de posteriores adicións. Despois de diversas análises *in situ* e de OCA realizadas tanto dende o Concello como da Unidade Técnica, finalmente enviouse un técnico desta última e realizou unha diagnose na que, cuxa solución previsiblemente levou a cabo dita unidade para a próxima asignación orzamentaria en canto á instalación, e, posteriormente, o Concello encargárase das luminarias que se deban substituír. Anque esta actuación por parte da Unidade Técnica estaba pendente para ser levada a cabo durante o curso 2021/22 infórmase a este centro de que non se puido facer por asignación de fondos a outras cuestións que tiñan prioridade noutros lugares por mor da casuística. Preto de Nadal de 2022 por parte da UAC enviouse a persoal para facer unha serie de subsanações. Por parte do Concello xa se estivo levando a cabo o troco das luminarias que fallaban por estaren fundidas.



- O tellado enriba da porta principal do edificio A está parcialmente desconchado, algo que examinou a Unidade Técnica. Tamén hai goteiras nalgunhas zonas do pavillón, froito dunha instalación nesta, que resulta custosa de mudar a nivel económico.
- Eventualmente hai pequenas plagas de insectos nalgunhas aulas, tendo chamado a persoal especialista para subsanalo.
- O comedor escolar conta con toda a documentación e procedementos de conformidade co establecido no marco legal; subsanado dende comezos do 2023 o que quedaba, encargándose a unha empresa -cuxos gastos sufraga o Concello- especializada en xestión de alimentación de cara ao público e sanidade.

1.3.- Situación do profesorado

Neste curso escolar 2023/24 contamos con 2 Mestras de Infantil, 2 Mestras de primaria, 1 Mestra especialista en inglés, 1 Mestre especialista educación física (titor da aula mixta de 5º e 6º EP) e 1 Mestre en música. Ademais contamos cunha orientadora, unha mestra de AL e e 1 Mestra en PT un día á semana -no caso da PT pasouse de xornada completa a vir un día 4 horas- (PT mércores; AL e Orient. Martes) itinerantes con centro base a outro colexio e unha mestra de relixión tres días á semana sendo o noso o centro base (luns, mércores e venres).

Respecto ao curso pasado, pasamos de 73 a 77 alumnos/as seguindo coa plantilla total de 11 mestras/es, seguindo, un curso académico máis (dende 2022/23) con Educación Infantil desdoblado en dúas aulas.

1.4.- Situación do alumnado

O número total de alumnado do centro é de 77 nenos/as dos/as cales 28 son de Educación Infantil e 49 de Educación Primaria, habendo 1 en réxime de escolarización compartida co CEE Nosa Sª do Rosario da Coruña.

Permanece agrupado o alumnado en aulas mixtas, a saber: 4º e 5ºA, 5ºB e 6º de Inf.; 1º e 2º, 3º e 4º, 5º e 6º de Pri. por necesidades do Centro.

Relación de alumnado por niveis e grupos:

IDADES	E. Infantil	E. Primaria					
		1º	2º	3º	4º	5º	6º
3 anos (4º EI)	9	1º	2º	3º	4º	5º	6º
4 anos (5º EI)	12	9	5	9	8	10	8
5 anos (6º EI)	7	AGRUPAMENTOS					
TOTAL:	28	49					

Os reforzos a grupos reducidos faranse na aula sempre e cando non entorpezan o normal desenvolvemento das sesións e seguindo o criterio establecido polo/a titor/a, o/a mestre/a de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe e/ou os/as outros/as mestres/as que van intervir con ese grupo de alumnado, tendo en conta sempre as directrices establecidas ao efecto polo Dpto. de Orientación.



1.5.- Datos do Centro

Unidades de Educación Infantil	2
Unidades de Educación Primaria	2
Unidades de Educación Física	1
Unidades de Educación Musical	1
Unidades de Audición e Linguaxe	*1***
Unidades de Pedagogía Terapéutica	*1***
Unidades de Relixión católica	*1**
Unidades de Orientación	*1***
Unidades de Lingua Inglesa	1

*itinerante (**centro base no noso centro; ***centro base noutro) centro

Código da localidade	15391
Código do centro	15021780
CIF	Q-6555041-J
Teléfono	881 880 509: Dirección 881 880 510: Encargado/a de Comedor Escolar 881 880 511: Conserxería (teléfono do recibidor) 630 27 19 32: Dirección (só emerxencias)
Páxina Web	http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcesuras/
Correo Electrónico	ceip.cesuras@edu.xunta.es
Skype	CEIP Plurilingüe Bragade – live:.cid.21d7ef705494d862
Páxina de Facebook	https://www.facebook.com/ceipbragade/ @ceipbragade
Twitter	https://twitter.com/CeipBragade @CeipBragade
Instagram	ceipbragade https://www.instagram.com/ceipbragade/

2.- PERSOAL DOCENTE / NON DOCENTE

Relación do profesorado destinado neste centro para o curso 2023/24:

E. Infantil 4º e 5ºA	Barral López, Ana
E. Infantil 5ºB e 6º	Presa Souto, Carmen
E. Primaria 1º e 2º	Aguiar Vázquez, Alexia
E. Primaria 3º e 4º	Martínez Quiroga, Andrea (subs. López Aguión, María Goretti)
Educación Física (E. Primaria 5º e 6º)	García Pérez, Cristian
Inglés	Martín Sánchez, Alba
Música	Arranz Carreño, Israel

Outro profesorado que participa nas tarefas docentes a tempo parcial:

Relixión católica	Miñones Méndez, Mª Consuelo
Orientación	Serna Abad, Paula
Audición e Linguaxe	Platas Montánez, Patricia



	(subs. Regueiro Gestal, Sabela)
Pedagogía Terapéutica	Gómez Crego, Yéssica

Persoal non docente do centro:

Auxiliar de conversa	Julemer Ann Galo Aying (mércores e venres)
Limpador/a con funcións de conserxería	Pita, José Manuel (9-11 H) Corral Castro, M ^a del Carmen (11-... H)
Cociñeira (2^a oficial de cociña)	López Corral, Emma
Colaboradora comedor escolar	Corral Castro, M ^a del Carmen García Rodríguez, Raquel Bolaño Varela, M ^a del Carmen
Coidadora	Fernández Sanda, Nuria (martes e mércores)
Intérprete de signos	Manteiga López, Raquel (martes e mércores)

3.- ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS: EQUIPO DIRECTIVO

A dirección do centro está composta unicamente polo director, Israel Arranz Carreño, actualmente con proxecto de dirección para o centro, tralo seu nomeamento pola Xefatura Territorial (1/7/2021), previa candidatura elixida pola Comisión de selección designada de conformidade coa *ORDE do 21 de abril de 2021 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 30/4/2021)* e con 2 nomeamentos anteriores de carácter accidental (01/07/2019-30/07/2020, prorrogado outro ano máis, 01/07/2020-01/07/2021 pola na *ORDE do 27 de maio de 2020, DOG 5/6/2020*). O programa proposto por este resúmese nos seguintes obxectivos, orientados a conseguir un bo funcionamento do Centro dentro dos aspectos de traballo, respecto e convivencia.

Obxectivos da Dirección:

- ✓ Cumprir, respectar e facer cumprir e respectar a lexislación vixente.
- ✓ Fomentar un clima grato e estimulante, que facilite o traballo, o entendemento entre toda a comunidade educativa e a boa marcha xeral do Centro.
- ✓ Coordinar as tarefas dos distintos equipos.
- ✓ Optimizar o rendemento dos recursos humanos e materiais.
- ✓ Dinamizar os órganos de goberno e a coordinación docente promovendo a participación de todos os colectivos da comunidade escolar.
- ✓ Diseñar estratexias e plans de actuación que procuren unha ampla formación do alumnado e que senten bases firmes na súa educación integral.
- ✓ Promover e potenciar as boas relacións con toda a comunidade educativa, con todas as institucións e colectivos relacionados co Centro.
- ✓ Actualizar o Centro nas TIC, así como ao profesorado e os medios.
- ✓ Fomentar e promover a formación do profesorado.
- ✓ Continuar co clima de respecto e valoración do mestrado e da súa labor educativa.
- ✓ Seguir traballando na aprendizaxe por proxectos.



- ✓ Actualizar o Plan de Comunicación de centro, aprobada por esta Dirección en 2019/20.
- ✓ Mellorar a seguridade do centro.
- ✓ Proxectar o centro e a súa imaxe nas mellores condicións.

O horario de atención é de luns a venres de 13:40 a 14:30 horas.

4.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO

- Seguir potenciando o bo clima de convivencia no Centro en referencia a toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente).
- Implicar/continuar implicando a nais/pais no proceso educativo das/os súas/seus fillas/os.
- Consolidar o axeitado ambiente de traballo do profesorado e que siga repercutindo en toda a Comunidade Educativa.
- Estimular o traballo en grupo dos membros do Claustro como medio para lograr unha efectiva organización e coordinación.
- Desenvolver o Plan de Acción Titorial.
- Apoiar a diversidade do alumnado, establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
- Reforzar e afondar en medidas que favorezan a mellora da lecto-escritura e o cálculo, mediante os apoios necesarios, e a través de novos métodos.
- Promover a Innovación Educativa no proceso de ensino-aprendizaxe e fomentar o uso das novas tecnoloxías.
- Desenvolver o Plambe.
- Integrar o traballo dos distintos equipos para o desenvolvemento do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- Seguir realizando un PFPP (a través da biblioteca como eixe do centro, TIC e Polos Creativos).
- Mellorar a dotación de material tecnolóxico e equipamentos do Centro.
- Atender ás necesidades do Centro e mellorar deficiencias.
- Facilitar e potenciar a formación do profesorado.
- Apoiar e dinamizar o funcionamento da ANPA.
- Establecer canles comunicativos entre a Comunidade Educativa e a Administración (Concello, Consellería).
- Seguir actualizando a páxina web do centro.
- Garantir un programa de actividades extraescolares e complementarias axeitado a todos os casos.
- Manter e potenciar o programa do plurilingüismo e o de plurinfantil.
- Continuar co programa E-DIXGAL, comezado durante o curso pasado 2021/22.
- Seguir consolidando o laboratorio de idiomas para extender o plurilingüismo, de xeito dinámico a outras linguas (alemán, portugués, xaponés e lingua de signos) no tempo do recreo 1 día/semana.



- Manter e potenciar a Orquestra do Bragade no tempo de recreo dos martes e/ou xoves.
- Seguir cunha hora á semana de Informática con contido da área de matemáticas para cada grupo.
- Seguir a participar nun PDI para realizar unha planificación por proxectos a través da Biblioteca con contidos relativos á nosa contorna.
- Realizar un mínimo dunha saída escolar por trimestre en cada un dos niveis e etapas.
- Seguir a traballar coas cooperativas agrarias da zona para facer os menús do comedor máis saudables con alimentos ecolóxicos.
- Levar a cabo simulacros de evacuación regulares (aprox. 1/mes).
- Promover hábitos saudables de alimentación e exercicio a través de actividades e programas específicos.
- Ser seleccionados nos Contratos-Programa 2023/2024, como mínimo, nalgunha das modalidades do *CPinclúe* e do *CPinnova*.
- Ser seleccionados no Plan Proxecta+ 2023/2024, como mínimo nalgún dos proxectos presentados.
- Seguir desenvolver o Plan Dixital.

5.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Na estrutura do Centro terán sempre unha importancia fundamental a coordinación, referida aos diferentes equipos docentes, aos equipos de traballo, ás comisións, ós órganos de goberno e a todos os grupos que compoñen a comunidade educativa.

A coordinación desde a dirección facilitará que os diferentes equipos formen parte dun todo común a nivel de centro con obxectivos, metodoloxías e actitudes comúns. Así mesmo, os proxectos que se leven a cabo tratarán de integrar a toda a comunidade educativa.

Procurarase que o profesorado e os equipos de traballo asuman a responsabilidade correspondente e se impliquen na tarefa propia e á súa vez na tarefa común.

5.1.- Claustro de Mestres/as

O Claustro de Mestres/as será un órgano fundamental na vida escolar do centro, será informado axeitadamente dos proxectos e actividades realizadas e participará moi activamente no debate e nas decisións que afecten á organización e á marcha do centro.

Reunións do Claustro: Unha trimestral e as que se deriven do funcionamento do Centro (ver punto 5.2.).

Estará composto polos seguintes integrantes:

Aguiar Vázquez, Alexia	Martín Sánchez, Alba
Arranz Carreño, Israel (DIRECTOR)	Martínez Quiroga, Andrea (subs. López Aguión, María Goretti)
Barral López, Ana	Miñones Méndez, M ^a Consuelo



García Pérez, Cristian	Presas Souto, Carmen
------------------------	----------------------

5.2.- Consello Escolar

O Consello Escolar estará constituído polos seguintes membros:

DIRECTOR (PRESIDENTE)	Arranz Carreño, Israel
REPRESENTANTES MESTRES:	Aguiar Vázquez, Alexia Martín Sánchez, Alba
REPRESENTANTES DE NAIS/PAIS:	González Noya, Lorena
REPRESENTANTE DA ANPA:	Pedreira Vázquez, Juan José
REPRESENTANTE DO CONCELLO:	Rilo Santos, M ^a del Pilar

Reunións con data prevista (e calquera outra reunión que sexa precisa ao longo do curso):

Comezo do curso	1 ^a semana setembro
Aprobación da Programación Xeral Anual	1 ^a quincena outubro
1 ^a Revisión trim.: PXA, Prox. de dirección, medidas correctoras, PD, etc.	finais xaneiro
Aprobación do balance económico 2021; Estados gastos/ingresos 1 ^o trim. comedor	finais xaneiro/febreiro
Aprobación Orzamentos	marzo
2 ^a Rev. trim.: PXA, Prox. de dirección, medidas correctoras, PD, etc.; Estados gastos/ingresos 2 ^o trim. comedor	finais marzo/abril
Aprobación da memoria final PXA; 3 ^a Rev. trim.: PXA, Prox. de dirección, medidas correctoras, PD, etc.; Estados gastos/ingresos 3 ^o trim. comedor e curso 2023/24	última semana xuño/1 ^a xullo

Órganos de coordinación docente: Nos centros de menos de 9 unidades as labores de organización pedagóxica a CCP (Comisión de Coordinación Pedagóxica) asúmeas o Claustro de mestres. Neste centro contaremos co Claustro, cos/as titores/as e co equipo de Orientación.

5.3.- Equipo de Orientación

EQUIPO DE ORIENTACIÓN	
MEMBROS	REPRESENTACIÓN
Serna Abad, Paula	Coordinadora
Gómez Crego, Yéssica	PT
Platas Montáñez, Patricia (subs. Regueiro Gestal, Sabela)	AL

6.- EQUIPOS DE TRABAJO

Faranse equipos para unha mellor organización de traballo nese eido; cómpre sinalar que, debido á casuística sinalada ao final do punto 5.2 (órg. de coord., se ben hai unha persoa responsable coordinadora/responsable todo o profesorado participa dun xeito ou outro -estén reflitados no horario/DOC ou non- en todas e cada un dos equipos (agás Plurilingüismo, Plurinfantil e Aux. de conversa):



Equipo de biblioteca e animación á lectura:

Responsable	Miñones Méndez, M ^a Consuelo
--------------------	---

Equipo de Dinamización de Lingua Galega:

Responsable	Arranz Carreño, Israel
--------------------	------------------------

Equipo de dinamización TIC/Abalar

Coordinador/a:	Arranz Carreño, Israel
-----------------------	------------------------

Equipo de E-Dixgal

Coordinador/a:	Martín Sánchez, Alba
-----------------------	----------------------

Actividades Complementarias e Extraescolares:

Coordinador/a:	Aguiar Vázquez, Alexia
-----------------------	------------------------

Plan Plurilingüismo, Plurinfantil e Aux. De conversa:

Coordinador/a:	Martín Sánchez, Alba
Membros:	Arranz Carreño, Israel
	Julemer Ann Galo Aying

Encargado/a da xestión directa de comedor: Aguiar Vázquez, Alexia

Responsable de apoio á xestión económica do centro: Aguiar Vázquez, Alexia

Mestre/a asist./ da dirección con algunhas funcións de Secretaría: Aguiar Vázquez, Alexia

7.- PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Actualmente a lexislación sobre diversidade deixou de entender a diversidade como algo excepcional para convertela na norma: cada alumno/a é diverso/a e heteroxéneo/a, ten distintas características, necesidades, ritmos, estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais.

Para atender a este alumnado diverso temos que axustar a resposta educativa a cada un/ha, de xeito que cubramos as necesidades individuais do conxunto global do alumnado. Todo un reto.

Precisamos poñer en xogo todos os elementos organizativos e metodolóxicos, en aras de cubrir as necesidades educativas específicas ou non específicas que presente o noso alumnado. A atención á diversidade é responsabilidade de todos e cada un das/dos mestres/as do centro, asesorados polas/os profesionais da orientación e apoiados polas accións realizadas neste ámbito polo equipo directivo.



Educar na diversidade supón unha escola para todas/os, na que todos teñan cabida coas súas características individuais. Unha escola na que se lle ofrezca a cada un aquilo que mellor lle axude a desenvolver a súa máxima potencialidade, partindo do que é.

Unha escola capaz de desenvolver un conxunto de accións encamiñadas a previr e dar resposta as posibles necesidades de todo o alumnado do centro e, entre eles, a aquel que require unha actuación específica derivada das súas necesidades educativas especiais, de altas capacidades, de dificultades de aprendizaxe, da súa incorporación tardía ao sistema educativo, das súas condicións persoais ou de historia escolar.

Polo tanto neste centro preténdese atender ás necesidades educativas en canto xurdan, mediante un reforzo educativo axeitado e no caso de ser precisa unha atención individualizada, mediante un estudo do caso por parte da orientadora do centro.

Xa rematando, todas as actuacións a realizar, enmarcaranse e terán en conta as novidades na aplicación da *ORDE do 8 de setembro de 2021 polo que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 26/11/2021).*

En conclusión, neste centro contamos con varios casos con dificultade de aprendizaxe que xa contan con apoio educativo, pero ademais, contamos con varios casos de problemas na linguaxe que está atendidos soamente un día á semana debido á itinerancia da especialista en Audición e Linguaxe; ademais, este curso pasamos de 4 a 5 alumnos/as con necesidades recollidas na referida ORDE e pasamos de ter especialista en Pedagogía Terapéutica con xornada completa a vir 1 día/semana para da 4 horas de docencia. Por todo isto pregamos a administración que aumente a estancia de días en, alomenos 2 á semana no caso da AL e 4 no caso da PT.

8.-XORNADA EDUCATIVA e LABORAL. HORARIOS.

A xornada escolar e horario do alumnado queda da seguinte maneira:

Recepción do alumnado ao centro (transportado/non transportado)	09:15-09:30
Aceso ás aulas (recepción do alumnado)	09:30-09:35
1ª sesión	09:35-10:30
2ª sesión	10:30-11:25
3ª sesión	11:25-12:20
recreo	12:20-12:50
4ª sesión	12:50-13:40
5ª sesión	13:40-14:30
Saída do alumnado trala xornada escolar	Infantil: 14:20-14:25



	Primaria: 14:25-14:30
Quenda (única) de comedor escolar	Saída xornada escolar-15:15*
Actividades extraescolares / tempo lecer tralo comedor	15:15-16:15**
Saída do alumnado (transportado/non transportado)	16:15 (15:45 xuño e setembro)

*15:00 en setembro e xuño.

**15:00-15:45 en setembro e xuño

Seguindo o establecido na *Orde do 23 de Xuño de 2011 pola que se regula a xornada de taballo do persoal funcionario e laboral dos centros* (DOG 30-6-2011), o profesorado completará unha xornada semanal de 37 H 30 min. das cales 30 corresponderán a actividades do centro, presenza no mesmo e das ditas, 25 horas terán carácter lectivo, incluíndo as gardas, gardas de recreos e as vixilancias de entrada e saída do transporte.

A xornada do profesorado é a seguinte:

Atención ao alumnado transportado	09:15-09:35
Recepción do alumnado ás aulas	09:30-09:35
Día de permanencia de tarde do Claustro	LUNS
Reunións de org. semanal/Claustros	LUNS: 16:00-17:00
Titorías, dinamizacións, etc./Consello Escolar	LUNS: 17:00-18:00
Gardas de tarde	1 mestre/a por día: 15:15-16:15 (ANEXO I) (15:00-15:45 en set. e xuñ.)
Outras gardas, reunións, etc.	Con carácter discrecional e programadas e convocadas coa antelación requerida até completar as 30 H de permanencia semanais.

O centro abre todos os días ás 9:00 e pecha ás 16:15 (15:45 en setembro e xuño e agás luns).

A atención aos alumnos que chegan do transporte organizárase así:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Presa, Carmen	Martín, Alba	Barral, Ana	Barral, Ana	Presa, Carmen
Pérez, Cristian	Martínez, Andrea	Martínez, Andrea	Pérez, Cristian	Martín, Alba

Días non lectivos solicitados polo centro: O 13 de outubro/2023 e o 20 de maio/2024.

Os horarios de mestres/as **(ANEXO II)** e o alumnado **(ANEXO III)** engádense nos anexos.

HORARIO DOS RECREOS (ANEXO IV).



Realizaranse unha soa quenda de recreo (12:20-12:50 horas), cumpríndose a ratio de atención de 3 Mestras/es cando o número do alumnado asistente así o requirir (que é sempre que acode o 100% deste).

As zonas de recreo no exterior son 3, as cales son contiguas entre elas, mais claramente separadas e diferenciadas arquitectonicamente, a saber:

- "Patio grande" (pista de atletismo).
- "Patio dos columpios" (parque infantil e areeiro).
- "Patio cuberto" (protexido por un tellado para a choiva).

Para unha vixilancia máis operativa -1 Mestra/e mínimo por zona-, no caso de non chover, por defecto, o alumnado estará ou no "patio grande" e/ou no "patio dos columpios" quedando o "patio cuberto" só de tránsito para ir ao aseo deste -ao cal só poderá acceder no interior 1 alumna/o cada vez- e/ou para vir do edificio principal ou subir a este. Cada Mestra/e disporá dun intercomunicador para non precisar moverse da súa zona en caso de ter que comunicar calquera incidencia e para auto coordinación, quedando 1 intercomunicador sempre na Sala de Mestres e/ou na persoa de funcións de conserxaría.

O único cambio a realizar en días de choiva será o seguinte:

- O alumnado de Inf. e Pri. estará no patio cuberto (a meirande parte) e a sala de informática (martes e/ou xoves)/biblioteca (luns, mércores, venres)/aula de música (martes e/ou xoves) segundo o que corresponda.

No horario dos recreos habilitarase de outubro a maio (ámbolos dous inclusive) a biblioteca luns, mércores e venres (a cargo da M^a Consuelo Miñones); o laboratorio de idiomas será na sala de informática e/ou na biblioteca (a cargo de Alba Martín, Israel Arranz, Andrea Martínez) e a orquestra do Bragade será os martes e/ou xoves mércores na aula de música (a cargo de Israel Arranz).

9.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E CONMEMORACIÓNS

No Centro celebraranse mediante concursos, festivais e/ou outro tipo de acto/actividade conxunta ou en grupos as seguintes datas (segundo a viabilidade organizativa da data dalgunha/s delas, levaranse a cabo día/s antes ou despois da/s sinalada/s):

Día da Biblioteca	24 (25) de outubro
Samaín	31 de outubro
Magosto	31 de outubro
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	25 de novembro
Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia	05 de decembro
Día Internacional das Persoas con Discapacidade	03 de decembro
Nadal	21 de decembro
Día Escolar da non Violencia e da Paz	30 (31) de xaneiro
Entroido	05 ao 09 de febreiro



Día de Rosalía de Castro	01-23 de febreiro
Día Internacional da Muller	08 de marzo
Día Meteorolóxico Mundial e da Poesía	23 (21) e 21 de marzo
Got Talent Bragade (III edición)	22 de marzo
Semana do libro	22 ao 26 de abril
Día Internacional do Jazz	30 (27) de abril
Día dos nenos 子供の日 (こどものひ) "kodomonohi"	05 (03) de maio
Semana das letras galegas	13 ao 17 de maio
Día Mundial do Medio Ambiente	05 de xuño
Día Internacional da música (Festival de Fin de Curso)	21 de xuño.

- Se as circunstancias o permitiren, levaranse a cabo nunha tarde do 2º ou 3º trim. o Concerto anual da Orquestra do Bragade.
- Levaranse a cabo un mínimo de 3 saídas escolares (unha por trimestre) arredor da temática elixida do centro fundamentalmente: a nosa contorna
- Trataranse de levar a cabo as actividades derivadas do DEPORTE ESCOLAR (PDVA) e as vencelladas nos diferentes programas de innovación educativa (Contratos-Programa, Proxecta+, PFPP, Plambe, Equipos de coordinación pedagóxica, etc.)
- Ademais procurárase levar a cabo a tradicional excursión de fin de curso con 5º e 6º. A tal fin, tentarase facer algúns eventos que impliquen a colaboración do alumnado beneficiado da viaxe e que redunden na recadación de fondos: concertos do alumnado/profesorado con entrada solidaria, donativos, etc.
- Durante os 3 trimestres coordinárase 1 vez/semana nos recreos xogos educativos e/ou de mesa, podendo levar a cabo pequenas ligas ou torneos, como o previsible "IV Torneo de Xadrez" do centro.
- Procurárase que algunhas destas actividades e/ou conmemoracións teñan especial relevancia no tocante á lingua de signos.

10.- MATERIAL DE CENTRO E LIBROS DE TEXTO



CURSO (EP)	ÁREA-ÁMBITO	TÍTULO / AUTOR / EDITORIAL	ANO	LINGUA	ISBN
1º PRIMARIA	L. Castelá	1 PRI LECTOESCRITURA Construyendo mundos	2022	Castelán	978-84-680-7727-7 (SANTILLANA Equipo Editorial)
1º PRIMARIA	L. Castelá	1 PRI cuaderno LECTOESCRITURA PAUTA CONSTRUYENDO MUNDOS (1-1)	2022	Castelán	978-84-680-7123-7 (SANTILLANA Equipo Editorial)
1º PRIMARIA	L. Galega	1PRI LECTOESCRITURA Construindo mundos (1-1)	2022	Galego	978-84-9185-399-2 (Obradoiro Equipo Editorial)
1º PRIMARIA	Matemáticas	1PRI MATEMATICAS Construyendo mundos Tomo único con espiral	2022	Castelán	978-84-680-7129-9 (SANTILLANA Equipo Editorial)
2º PRIMARIA	L. Castelá	2PRI LENGUA Volumen único espiral Construyendo mundos	2023	Castelán	978-84-144-0836-0 (SANTILLANA Equipo Editorial)
2º PRIMARIA	L. Galega	2PRI LINGUA Construindo mundos	2023	Galego	978-84-9185-675-7 (Obradoiro Equipo Editorial)
2º PRIMARIA	Matemáticas	2 PRI MATEMÁTICAS Tomo único espiral Construyendo mundos	2023	Castelán	978-84-144-0856-8 (SANTILLANA Equipo Editorial)
3º PRIMARIA	L. Castelá	3PRI Lengua - ANAYA	2022	Castelán	978-84-698-9915-1
3º PRIMARIA	L. Galega	3PRI Lingua - ANAYA	2022	Galego	978-84-698-9948-9
3º PRIMARIA	Matemáticas	3PRI Matemáticas - ANAYA	2022	Castelán	978-84-698-9961-8
3º PRIMARIA	Ciencias Naturais	3PRI Ciencias da Natureza - ANAYA	2022	Galego	978-84-143-0031-2
4º PRIMARIA	L. Castelá	4PRI Lengua - ANAYA	2023	Castelán	978-84-143-1929-1
4º PRIMARIA	L. Galega	4PRI Lingua - ANAYA	2023	Galego	978-84-143-1963-5
4º PRIMARIA	Matemáticas	4PRI Matemáticas - ANAYA	2023	Castelán	978-84-143-1980-2
4º PRIMARIA	Ciencias Naturais	4PRI Ciencias da Natureza - ANAYA	2023	Galego	978-84-143-2096-9

A Dirección procurará asistir a todo o profesorado en recursos materiais que teñan por obxecto o seu emprego na aula. Os libros de texto a empregar para este curso 2023/24 son os seguintes (5º e 6º Pri. Non empregan ao estar no Programa E-DI-XGAL).

11.- PROXECTO LINGÜÍSTICO

O último [Proxecto Lingüístico](#) foi elaborado o 26 de xuño de 2023, que é o actual e ten vixencia até o 2027. Nel recóllense a distribución de linguas e materias, sendo a materia de Ciencias Sociais en Primaria a que se imparte en lingua inglesa. Non se considera que sexa precisa á elaboración dunha addenda.

12.- EQUIPO DE DINAM. DA LINGUA GALEGA

ANÁLISE DA SITUACIÓN DO USO DO IDIOMA NO CENTRO:

En relación ao profesorado, aínda que non para todos/as sexa o galego a lingua habitual na que se expresa, no contexto educativo, ningún persoal docente amosa dificultade algunha á hora de utilizar a lingua galega na docencia ou noutras actividades escolares.

En relación ao alumnado, obsérvase unha diferenza no uso da lingua segundo a súa procedencia:

- Os que proceden do rural e que as familias xa vivían na zona, entenden pero non usan maioritariamente o galego,
- Os/As fillos/as das familias que veñen de instalarse, os procedentes de zonas urbanas da Coruña ou arredores e que usan predominantemente o castelán.

En relación ao centro, a Lingua galega é a lingua oficial do centro, e polo tanto, as actuacións administrativas e educativas son, por defecto, en galego (documentación administrativa, programacións, carteis, avisos, correspondencia...), sen prexuízo de oferta ou asistencia do



castelán ou do inglés cando o caso o requirir (ex. habituais: familias que veñen doutra lingua e doutro país, auxiliar de conversa que só fala o idioma materno, etc.).

A presenza do galego na vida do centro é continua, tratando de crear un clima estimulante de cara a utilización da lingua galega.

OBXECTIVOS:

O obxectivo xeral deste equipo é lograr que o Centro lle garante unha boa competencia lingüística en galego a todo o alumnado, e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán.

ACTIVIDADES:

As actividades propostas desde o EDLG para acadar os obxectivos propostos son as seguintes (podemos dividilas en 2 grupos):

Actividades plurianuais

Son aqueles proxectos ou actividades desenvolvidas en cursos anteriores aos que se lles que-
re dar continuidade:

- Celebración do Samaín
- Celebración do Magosto
- Celebración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- Celebración do Festival de Nadal
- Celebración do Día da Paz
- Celebración do Entroido
- Celebración do Día de Rosalía de Castro
- Celebración do Día da Muller traballadora
- Celebración do Concurso do Poesía/Debuxo (Día Mundial da Meteoroloxía e da Poesía)
- Celebración do GOT TALENT BRAGADE
- Celebración do Día Internacional do Jazz
- Celebración da Semana do libro
- Celebración das Letras Galegas
- Orquestra do Bragade
- Laboratorio de Idiomas
- Celebración do Día Internacional da Música

Novos proxectos

Dende o EDLG procuraremos organizar e levar a cabo actividades en relación cos proxectos, xunto co equipo da biblioteca, das TIC e actividades extraescolares e complementarias.

13.- EQUIPO DE DINAM. DE BIBLIOTECA E ANIMACIÓN Á LECTURA

Neste curso académico 2023/24 seguimos no PLAMBE.



Ademais continuamos nun PFPP que partirá da Biblioteca coa nosa contorna como fío condutor.

Informatización da xestión

A Biblioteca Escolar do CEIP Bragade está integrada no programa de xestión de bibliotecas PROXECTO MEIGA.

OBXECTIVOS

- 1 Considerar a Biblioteca Escolar do CEIP Bragade como un espazo central da vida diaria do Centro, tanto para o alumnado coma para o profesorado.
- 2 Fomentar o hábito lector entre o noso alumnado.
- 3 Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe.
- 4 Diseñar actividades para axudar ao alumnado na adquisición de técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora.
- 5 Adquirir hábitos de responsabilidade no uso e manexo dos libros así como de material audiovisual.
- 6 Colaborar co profesorado proporcionándolle o material de lectura ou consulta axeitado para el ou os seus alumnos.
- 7 Implicar as familias nunha cultura da lectura e da información.
- 8 Formar usuarios no alumnado.
- 9 Formar usuarios no profesorado (asesoramento no proxecto Meiga para consulta ou empréstitos)
- 10 Programar actividades de animación á lectura.
- 11 Consolidar a xestión informatizada.
- 12 Adquirir novos fondos en distinto formato.
- 13 Optimizar a utilización do espazo, a sinalización e o mobiliario.
- 14 Traballar na procura de recursos educativos que axuden na labor docente.
- 15 Traballar os valores dende a Biblioteca.
- 16 Facer un taller de hábitos saudables.
- 17 Celebrar dende a Biblioteca as datas que forman parte da historia de Galicia, como o Samaín, o día de Rosalía, o día das Letras Galegas, etc., así como o propio Día da Biblioteca, Concursos de Poesía e Debuxo.
- 18 Colaborar con Clubes de Lectura doutros centros, como o Clube de Lectura de Literatura Xaponesa da EOI da Coruña.

14.- EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN TIC/ABALAR, E-DIXGAL e PLAN DIXITAL.

OBXECTIVOS:

- Recibir formación e traballo de seminario dentro do marco do PFPP.
- Seguir actualizando a reformulada páxina web dende o curso 2019/20.
- Promocionar a difusión do centro e anuncios/actividades deste nas RRSS.
- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do Centro.
- Elaborar e actualizar o inventario dos medios existentes.



- Organizar e catalogar a rede informática do centro.
- Organizar o mantemento cotiá dos equipamentos informáticos e audiovisuais.
- Incrementar e mellorar as instalación e medios TIC do centro.
- Dar soporte con medios TIC a actividades organizadas no Centro.
- Organizar, xestionar os medios e recursos TIC do centro.
- Promover o uso e aproveitamento dos recursos TIC.
- Potenciar a formación do profesorado no eido das TIC e do Proxecto Abalar.
- Continuar empregando o E-DIXGAL ao longo do curso e asistir a alumnado.
- Asistir ao profesorado para o desenvolvemento do E-DIXGAL.
- Revisar e actualizar o Plan de Comunicación de Centro.
- Desenvolver o Plan Dixital de centro.

ORGANIZACIÓN DO TRABALLO:

- Partir do Plan de Integración TIC.
- Procuraremos traballar en coordinación cos outros equipos.
- Solicitarase a colaboración de técnicos que sexan precisos.

15.- PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Neste centro trabállase potenciando a innovación educativa, traballando en varios proxectos, tanto de iniciativa propia como noutros ofertados da propia Consellería, a saber

LABORATORIO DE IDIOMAS: iniciativa nada no curso 2019/2020 da Coordinación de Plurilingüismo e o EDLG, dentro do espazo da Biblioteca. Trátase dun espazo de 30 minutos dos recreos 1 día/semana (de 12:20 a 12:50 de martes, mércores ou xoves) no que o alumnado de Primaria (inscrito voluntariamente no mes de setembro/outubro) practica a nivel oral e escrito nun ambiente distendido expresións e vocabulario básicos do alemán, portugués, xaponés e lingua de signos reforzándoos e aprendendo outros de inglés e relacionándoos co castelán e o galego, sendo este último o idioma vehicular para as explicacións. Procúrase que o alumnado escolla o/s idioma/s e a/s temática/s que lle interese/n.

ORQUESTRA DO BRAGADE: iniciativa nada no curso 2017/2028 por parte do mestre de música, Israel Arranz. Trátase dun espazo de 30 minutos dos recreos dos martes e xoves (de 12:20 a 12:50) no que o alumnado de 2º a 6º Primaria (inscrito voluntariamente no mes de setembro) toca e canta en conxunto a través de diferentes metodoloxías, destacando a Orff-Schulwerk e J. Wuytack, tendo a percusión como núcleo central, desenvolvendo obras dende populares, tradicionais, rock, jazz, latin-jazz, latinas, clásicas, world music... ata incluso vangardas musicais como minimalismo, música aleatoria, etc.

CONTRATOS-PROGRAMA (programas de éxito educativo da Consellería): solicitáronse varias modalidades (5 do CPInnova e 1 do CPInclúe), quedando á espera da resolución provisional, e, posteriormente definitiva para o seu desenvolvemento.



PLAN PROXECTA+: solicitáronse 3 programas, quedando á espera da resolución provisional, e, posteriormente definitiva para o seu desenvolvemento.

PFPP (Plan de Formación Permanente do Profesorado)

O Claustro do centro participará nun PFPP con 2 liñas de traballo:

- Competencia dixital
- Competencia didáctica

Para tal fin, levaranse a cabo os seguintes itinerarios, vencellados ás seguintes liñas:

- **ITINERARIO 1 (Seminario):** As TIC como ferramenta de aprendizaxe e comunicación do centro.
- **ITINERARIO 2 (Seminario):** A biblioteca escolar como eixe dinamizador do centro.
- **ITINERARIO 3 (GT):** Introducción ao proxecto de Polos creativos.

16.- PLAN DE PLURILINGÜISMO e AUXILIAR DE CONVERSA

Está coordinado pola mestra especialista en inglés Alba Martín Sánchez, sendo parte desta coordinación o mestre Israel Arranz (Ciencias Sociais é en inglés) e a Auxiliar de conversa, Ju-lemer Ann Galo Aying. Os obxectivos son:

- Contar cun apoio dunha persoa auxiliar de conversa na actividade académica da área de inglés e de Ciencias Sociais.
- Desenvolver as capacidades lingüísticas do alumnado.
- Crear no alumnado unha actitude positiva cara ao inglés e outras linguas por extensión.
- Desenvolver actividades en inglés.
- Potenciar e consolidar o Laboratorio de idiomas onde, ademais, se falará e escribirá, ademais de en inglés, galego e castelán, en alemán, portugués e xaponés.
- Consolidar o plurilingüismo á etapa de Infantil a través do Plurininfantil.

17.- PLAN DE RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

Acción titorial ás familias

No inicio de curso escolar a Dirección do Centro xunto co Equipo Docente organizaron/organizarán reunións da Dirección e titor/a coas familias segundo este calendario:

4º e 5º A Inf.	REUNIÓN XERAL (coa Dirección): 8 de setembro 16-17 horas REUNIÓN COLECTIVA TITORÍA (coa titora): 8 de setembro 17-17:30 horas
5º e 6º Inf.	REUNIÓN XERAL (coa Dirección): 8 de setembro 16-17 horas REUNIÓN COLECTIVA TITORÍA (coa titora): 7 de setembro 17-17:30 horas
1º e 2º Pri.	REUNIÓN XERAL (coa Dirección): 8 de setembro 16-17 horas REUNIÓN COLECTIVA PROFESORADO PRI.: 8 de setembro 17-17:30 horas REUNIÓN COLECTIVA TITORÍA (coa titora): 8 de setembro 17:30-18 horas
3º e 4º Pri.	REUNIÓN XERAL (coa Dirección): 8 de setembro 16-17 horas REUNIÓN COLECTIVA PROFESORADO PRI.: 8 de setembro 17-17:30 horas



	REUNIÓN COLECTIVA TITORÍA (coa titora): 8 de setembro 18-18:30 horas
5º e 6º Pri.	REUNIÓN XERAL (coa Dirección): 8 de setembro 16-17 horas REUNIÓN COLECTIVA PROFESORADO PRI.: 8 de setembro 17-17:30 horas REUNIÓN COLECTIVA TITORÍA (coa titora): 8 de setembro 18:30-19 horas

Os aspectos a tratar nestas reunións foron/serán:

- Presentación do profesorado, da dirección e do persoal do centro.
- Obxectivos que pretendemos acadar no nivel.
- Implantación total LOMLOE e principais novidades desta última: Obxectivos mínimos, que se deben conseguir para promocionar no final do curso e posibilidade de reunión informativo ao longo do curso sobre as novas programacións didácticas.
- Criterios de cualificación.
- Información das competencias básicas.
- Proxectos docentes que se levarán a cabo.
- Horarios das entrevistas cos pais/nais que serán previa cita acordada co profesorado.
- Pasos a seguir ante calquera dúbida ou conflito:
 - Falar primeiro sempre co titor/a.
 - Se fose necesario coa Dirección.
- Importancia de solucionar os problemas que se produzan no colexio no propio colexio. Aquí é onde se dará a información máis precisa e detallada do que aconteceu.
- Importancia da colaboración da familia, de remar xuntos cara obxectivos común.
- Prestixio do profesorado.
- Utilización que se vai facer dos libros de texto e dos ordenadores E-DIXGAL.
- Tarefas para rematar o traballo da aula ou para reforzalo.
- Importancia primordial da familia no traballo de valores, a atención, a autoestima e a responsabilidade.
- Normas que rexerán o curso escolar e consellos para un óptimo desenvolvemento.
- PLAN DIXITAL no centro.
- Outros...

No **PLAN DE CONVIVENCIA** do Centro están recollidas as actividades que se levan a cabo para favorecer a relación familia/escola:

A) Procedemento para que coñezan as normas do centro. Utilizaranse como canle de comunicación:

- As reunións iniciais e tamén outras periódicas.
- As entrevistas individuais.
- Folletos e notas informativas.

B) Información sobre acoso/intimidación/abuso entre iguais e medidas:

- Información proporcionada tanto en reunións grupais coma individuais.
- Documentos que inclúan suxestións e indicacións ao respecto



- Ante a aparición dalgunha situación vencellada a este punto, fomentaranse intervencións que potencien a resolución pacífica de conflitos.

C) Actividades complementarias que se celebren no centro.

18.- PLAN DE AVALIACIÓN

CALENDARIO E HORARIOS DAS SESIÓNS DA XUNTA DE AVALIACIÓN do ALUMNADO:

- **SESIÓN CLAUSTRO RESULTADOS AVAL. INICIAL:** luns 16 OUTUBRO
- ✓ **SESIÓN CLAUSTRO REUNIÓN PRE-AVALIACIÓN 1º TRIM.:**
 - **EQUIPO PRIMARIA:** luns 06 NOVIEMBRE (16-17 H.)
 - **EQUIPO INFANTIL:** luns 13 NOVIEMBRE (16-17 H.)
- ✓ **SESIÓN CLAUSTRO REUNIÓN PRE-AVALIACIÓN 2º TRIM.:**
 - **EQUIPO PRIMARIA:** luns 19 FEBREIRO (16-17 H.)
 - **EQUIPO INFANTIL:** luns 26 FEBREIRO (16-17 H.)
- ✓ **SESIÓN CLAUSTRO REUNIÓN PRE-AVALIACIÓN 3º TRIM.:**
 - **EQUIPO PRIMARIA:** luns 06 MAIO (16-17 H.)
 - **EQUIPO INFANTIL:** luns 13 MAIO (16-17 H.)

1 XUNTA AVALIACIÓN 1º trimestre: martes 12 de DECEMBRO

- 1.a 15:50-16:15 H: Aula mixta de 4º e 5ºA Inf.
- 1.b 16:15-16:40 H: Aula mixta de 5ºB e 6º Inf.
- 1.c 16:40-17:05 H: Aula mixta de 1º e 2º Pri.
- 1.d 17:05-17:30 H: Aula mixta de 3º e 4º Pri.
- 1.e 17:30-17:55 H: Aula mixta de 5º e 6º Pri.

2 XUNTA AVALIACIÓN 2º trimestre: martes 19 de MARZO

- 2.a 15:50-16:15 H: Aula mixta de 5º e 6º Pri.
- 2.b 16:15-16:40 H: Aula mixta de 3º e 4º Pri.
- 2.c 16:40-17:05 H: Aula mixta de 1º e 2º Pri.
- 2.d 17:05-17:30 H: Aula mixta de 5ºB e 6º Inf.
- 2.e 17:30-17:55 H: Aula mixta de 4º e 5ºA Inf.

3 XUNTA AVALIACIÓN 3º trimestre: martes 24 de XUÑO

- 3.a 09:00-09:25 H: Aula mixta de 4º e 5ºA Inf.
- 3.b 09:25-09:50 H: Aula mixta de 5ºB e 6º Inf.
- 3.c 09:50-10:15 H: Aula mixta de 1º e 2º Pri.
- 3.d 10:15-10:40 H: Aula mixta de 3º e 4º Pri.
- 3.e 10:40-11:05 H: Aula mixta de 5º e 6º Pri.

AVALIACIÓN DA PXA E OUTROS:

A presentación e aprobación da PXA farase na 1ª quincena de outubro. As súas revisións trimestrais levaranse a cabo en xaneiro, finais de marzo e en xuño de 2023, respectivamente. A



final de curso farase a memoria, na que se rectificará aquilo que non se fixo, o que se modificou e/ou se fixo a maiores.

Do mesmo xeito, en ditas revisións (ver punto 5.2) tratarase e avaliáranse outros documentos susceptibles de avaliación e seguimento, tales como o Proxecto de Dirección e procedementos correctores, entre outros.

19.- QUENDAS DE GARDAS

O profesorado do centro terá varias gardas semanais. **(ANEXO IV)**

20.- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

COMEDOR ESCOLAR

O Centro oferta este servizo de comedor escolar, de xestión directa, no que participa alumnado dos distintos niveis. Todo o funcionamento do servizo de comedor está delegado (por cuestións operativas) na figura do/a encargado/a de comedor, anque a Dirección do centro é tamén xestora e é a última responsable.

Traballárase para achegar os menús ás recomendacións feitas pola Xunta, participando en todos os aspectos que sexa posible. Na súa sección da [web](#) cólganse os menús mensuais.

PERSOAL ENCARGADO DO SERVIZO DE COMEDOR

DIRECTOR	Arranz Carreño, Israel
ENCARGADO/A DE COMEDOR	Aguiar Vázquez, Alexia
PERSOAL COLABORADOR	NAI: Bolaño Varela, M ^a del Carmen NAI: García Rodríguez, Raquel LIMPADORA-CONSERXE: Corral Castro, María del Carmen MESTRE/A: O/A mestre/a de garda
PERSOAL LABORAL	Emma López Corral (2 ^a oficial cociña)

TRANSPORTE

A empresa responsable do transporte pasou de ser Arriva a unha UTE de Autocares Gillsanz e Autocares J. Pombo en setembro de 2020.

Para este curso, especial atención ten a *INSTRUCCIÓN CONXUNTA 1/2023, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E DA DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE SOBRE A XESTIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE DE ESCOLARES NO CURSO ESCOLAR 2023-2024.*

Existen en funcionamento 4 rutas de transporte cubertas.

RUTA: LOUSEIRA – BRATES		
UTE HÉRCULES	CONTRATO: XG846026	
1	BRATES	



2	IGREXA BORRIFÁNS
3	OS PETEIROS
4	MONECO
5	BARAIO
6	CASTELO
7	LOUSEIRA
8	AMEIXEIRA
9	O CASTILLO
10	CEIP PLURILINGÜE BRAGADE
11	CENTRO SAÚDE CURTIS (Non escolar)
12	Curtis (Non escolar)
Total alumnado: 13	

RUTA: BRAÑA – O FREIXO (CESURAS)	
UTE HÉRCULES	CONTRATO: XG846025
1	O FREIXO (CESURAS)
2	A COSTA
3	CRUCE DO VILAR-TRASANQUELOS
4	TRASANQUELOS
5	TRASANQUELOS-PONTE
6	CRUCE-REBOREDO
7	OZA-LUDOTECA
8	BALDRÍS
9	MANDAIO-QUINTÁ
10	O SOOXAL
11	CENTRO SAÚDE CESURAS (Non escolar)
12	SOUCAMIÑO (Non escolar)
13	BRAÑA
14	CEIP PLURILINGÜE BRAGADE
Total alumnado: 32	

RUTA: IGREXA DE SANTAIA – CAMARADA	
UTE HÉRCULES	CONTRATO: XG846024
1	CAMARADA
2	A TORRE
3	OS CURRAS
4	PADERNE-BAR
5	IGREXA CUTIAN
6	A RIBEIRA
7	FONDEVILA
8	A CHÁ
9	CARRES-BAR
10	CRUCE DE CARRES
11	CHOUSELAS
12	IGREXA DE SANTAIA
13	SANTAIA (Non escolar)



14	CEIP PLURILINGÜE BRAGADE
15	CESURAS – ESTACIÓN (Non escolar)
16	CENTRO SAÚDE CESURAS (Non escolar)
Total alumnado: 15	

RUTA: A FONTE – FILGUEIRA DE TRABA	
UTE HÉRCULES	CONTRATO: XG846027
1	FILGUEIRA DE TRABA
2	A REGUEIRA
3	A ERMIDA
4	TABOADA
5	RILO
6	VILAR DE CORNA
7	IGREXA DORDAÑO
8	A FONTE
9	CEIP PLURILINGÜE BRAGADE
10	CESURAS – ESTACIÓN (Non escolar)
11	CENTRO SAÚDE – CESURAS (Non escolar)
Total alumnado: 9	

21.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Seguindo a lexislación vixente a este respecto, solicitouse no curso 2019/20 a elaboración do Plan de Autoprotección do centro a unha empresa homologada, sendo actualizada cada ano dende entón.

Como parte deste plan, durante este curso tratarase de realizar unha media de 1 simulacro mensual aprox. para practicar a normalidade e mecánica do mesmo e analizaranse as necesidades ou deficiencias que se deban arranxar para un optimo funcionamento do Plan.

22.- PLAN DE UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DO CENTRO

Como norma xeral, este centro concederá autorización das súas instalacións ás seguintes institucións: ANPA do centro e Concello.

O Concello e a ANPA do centro teñen solicitado uso de varias instalacións do centro para levar a cabo diferentes actividades. Presentaranse estas solicitudes ante a dirección do Centro.

UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS POR PERSOAS ALLEAS Á COMUNIDADE ESCOLAR.

ANPA	O salón de Actos para as reunións e activ. Extraescolares.
CONCELLO	A Biblioteca no caso de abrirse (fóra do horario do centro), o salón de actos e o pavillón por cuestións organizativas e lóxicas
EMMOC (Escola de Música Municipal de Oza-Cesuras e	O salón de actos para os ensaios e ou actuacións.



materias/agrupacións ven- celladas a ela)	
CEIP de Oza	O salón de actos fóra da xornada lectiva para actuacións, como así se levou a cabo anteriormente.
USO OCASIONAL	Sempre que se pida con antelación e fóra da xornada

* Calquera dos usuarios referidos anteriormente, ou outros non previstos eiquí, sempre co visto e prace da Dirección do centro e sen prexuízo de calquera outra medida (ORDE, DECRETO...) que se estableza.

23.- PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Para este curso será a ANPA a que xestione de xeito directo as actividades extraescolares. Estas serán as seguintes:

ACTIVIDADE	DÍA DA SEMANA	HORARIO	LUGAR
PISCINA	mércores	19:00-20:00	Piscina Betanzos
LINGUA DE SIGNOS	luns e mércores	15:15-16:10	CEIP Plur. Bragade (sala de inform.)
TAEKWONDO	martes e xoves	15:15-16:10	CEIP Plur. Bragade (pavillón)
PATINAXE	martes	18:00-19:00	CEIP Oza dos Ríos
URBAN DANCE	luns e mércores	15:15-16:10	CEIP Plur. Bragade (salón de actos)
PSICOMOTRICIDADE E EDUC. EMOCIONAL	xoves	15:15-16:10	CEIP Plur. Bragade (biblioteca)
INFORMÁTICA	xoves	15:15-16:10	CEIP Plur. Bragade (sala de inform.)
MULTIDEPORTE	venres	15:15-16:10	CEIP Plur. Bragade (pavillón)

ANEXOS:

I.- Gardas de tarde do profesorado

II.- Horario do profesorado

III.- Horario do alumnado

IV.- Gardas do profesorado.

Elaborado pola Dirección do centro.

Aprobado polo Claustro de Mestres o 09 de outubro de 2023.

Aprobado polo Consello Escolar o 09 de outubro de 2023.

Enviado ao Servizo de Inspección Educativa o 10 de outubro de 2023.

Asinado dixitalmente en Cesuras.

Asdo.: O Director

Israel Arranz Carreño

